

INSTRUCCIÓNS PARA A ACTUACIÓN TELEMÁTICA DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR, PERMANENTE LABORAL, TITULAR DE UNIVERSIDADE E CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE

(Publicadas con data 8/10/2024, modificadas con data 31/10/2024)

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público admite que as sesións das comisións de selección se poidan facer a distancia e recolle expresamente as videoconferencias como medio, sempre e cando se asegure a identidade dos membros e quede constancia do contido das súas manifestacións e do momento en que se produzan.

Con data 8/10/2024 publícanse no TEO as instrucións ditadas pola Vicerreitoría de Profesorado para a actuación telemática das comisións de selección das prazas de profesorado axudante doutor, permanente laboral, titular de universidade e catedrático/a de universidade, que deben enmarcarse no ámbito das normativas vixentes na Universidade da Coruña (UDC) para a contratación de profesorado laboral e para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

Ante a existencia de dúbidas na interpretación do alcance das citadas instrucións e a efectos de completalas, procédese á súa modificación.

Principio xeral

A actuación dos membros alleos á UDC será por defecto a través de medios telemáticos institucionais, preferentemente a través da aplicación Teams de Microsoft 365. En calquera caso, a participación nas comisións de selección non conlevará a percepción de indemnizacións por aloxamento, desprazamento ou manutención.

1. Reunión das comisións de selección

1.1. Comisións con presidencia e/ou secretaría da UDC

Se a persoa que ocupa a secretaría da comisión de selección é profesor/a da UDC, será a encargada de crear o grupo para as reunións da comisión de selección. De non selo quen ocupa a secretaría, e si a presidencia, será esta a encargada de facelo.

1.2. Comisións con todos os membros alleos á UDC

A persoa que ocupe a secretaría do departamento ao que estea adscrita a praza obxecto de concurso será a responsable de programar a reunión dos membros da comisión seguindo as instrucións da presidencia da comisión.

2. Desenvolvemento das probas

Nos casos en que a normativa contemple a celebración de probas, realizaranse nas instalacións da UDC definidas polo departamento ao que estea adscrita a praza.

2.1. Comisións con presidencia e/ou secretaría da UDC

As probas celebraranse coa asistencia presencial da/s persoa/s candidata/s e da persoa que ocupe a presidencia e/ou a secretaría da comisión de selección.

2.2. Comisións con todos os membros alleos á UDC

As probas celebraranse coa asistencia presencial da/s persoa/s candidata/s e da persoa que ocupe a secretaría do departamento ao que estea adscrita a praza obxecto de concurso, que actuará como fedataria dos actos e será a encargada de realizar a gravación do desenvolvemento das probas.

Código Seguro De Verificación	wF3ECvs2uwzqLD3D8wWokQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	30/10/2024 11:30:45
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wF3ECvs2uwzqLD3D8wWokQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. Entrega de documentación da/s persoa/s candidata/s

Nos concursos de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade, as persoas candidatas entregarán unha copia en formato dixital da documentación que deban presentar ante a comisión.

3.1. Comisións con presidencia e/ou secretaría da UDC

Se a persoa que ocupa a secretaría da comisión de selección é profesor/a da UDC, será a encargada de recibir a documentación e trasladala aos restantes membros da comisión. De non selo quen ocupa a secretaría, e si a presidencia, será esta a encargada de facelo. Para esta finalidade utilizarase preferentemente o grupo creado na aplicación Teams de Microsoft 365 para as reunións da comisión de selección.

3.2. Comisións con todos os membros alleos á UDC

A persoa que ocupa a secretaría do departamento ao que estea adscrita a praza obxecto de concurso será a encargada de recibir a documentación e trasladala aos membros da comisión. Para esta finalidade utilizarase preferentemente o grupo creado na aplicación Teams de Microsoft 365 para as reunións da comisión de selección.

Na web AxudaTIC (<https://axudatic.udc.gal>) a comisión de selección ten ao seu dispor recursos para solucionar as incidencias técnicas que se puidesen producir.

Alcance das instrucións

Estas instrucións serán de aplicación na súa integridade ás prazas convocadas a partir do 9 de outubro, día seguinte á data de publicación da súa primeira versión no TEO.

Ás prazas convocadas e pendentes de resolver nesa data seranlles de aplicación unicamente os puntos 1 (Reunión das comisións de selección) e 2 (Desenvolvemento das probas) das instrucións.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	wF3ECvs2uwzqLD3D8wWokQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	30/10/2024 11:30:45
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/wF3ECvs2uwzqLD3D8wWokQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

